

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA 27 DE OUTUBRO DE 2014. NÚM. 12/2014.-

Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS (P.P.)

CONCELLEIROS:

D. ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ (P.P.).
D. CAMILO GONZÁLEZ BODAÑO (P.P.).
D^a. MARÍA JOSÉ BATÁN MOURIÑO (P.P.).
D. MANUEL GÓMEZ ESTÉVEZ (P.P.).
D^a. M^a. PILAR LÓPEZ CARRÓN (P.P.).
D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ (P.P.).
D. JOSÉ ANTONIO VARELA QUINTELA (P.P.).
D. ANTONIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ (P.P.).
D^a. MARÍA EVA GONZÁLEZ BREA (P.P.).
D^a. MARÍA PAZ PÉREZ ASOREY (P.P.).
D^a. SARA FERNÁNDEZ ARCA (P.P.).
D^a. MARÍA ALVAREZ PAZ (P.P.).
D. MANUEL MARÍA GONZÁLEZ ALLER (PSdeG-PSOE).
D. JOSÉ ARMANDO CRISTÓBAL FERNÁNDEZ VÁZQUEZ (PSdeG-PSOE).
D^a. JOSEFA MARINA FERREIRO RODRÍGUEZ (PSdeG-PSOE).
D. FRANCISO PÉREZ DONSIÓN (PSdeG-PSOE).
D. XESÚS CORDEIRO BUDIÑO (BNG).
D. JOSÉ LUÍS SUCASAS FERNÁNDEZ (BNG).
D. CAMILO CONDE LÓPEZ (PGD).

SECRETARIO XERAL: D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

INTERVENTORA XERAL: D^a. MARTA OVIEDO CREO.

Non asiste:

D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ (P.P.).

INDICE:

1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.....	páx. 3
2.- Decretos da Alcaldía: dación de conta.....	páx. 3
3.- Expediente de Modificación de Ordenanzas fiscais.....	páx. 7
4.- Expediente de modificación de créditos Nº 11-P/2014, Crédito Extraordinario e Suplemento de Crédito.....	páx. 13
5.- Moción do PGD.....	páx. 16
10.- Rogos e preguntas.....	páx. 18

=====

Sendo as dez horas do **luns día 27 de outubro de 2014**, xuntáronse no salón de actos

do Concello de Lalín (Pontevedra), baixo a Presidencia do *Sr. Alcalde-Presidente, D. Xosé Crespo Iglesias*, os señores concelleiros que enriba se indican co gallo de celebraren a sesión ordinaria convocada para este día e hora.

A todos os asistentes entregóuselles a orde do día, o expediente púxose á súa disposición e cumpríronse tódalas determinacións previstas na normativa vixente.

Actúa como Secretario Xeral *D. César López Arribas* e como Interventora Xeral *D^a. Marta Oviedo Creo*.

Non asiste D. Manuel Fernández Castro.

De orde do Sr. Presidente e seguindo as súas instrucións entrouse no estudo e deliberación dos asuntos que conforman a orde do día co seguinte resultado:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-

Deuse conta pola Presidencia do borrador da acta nº 11/2014 da sesión ordinaria do día 29 de setembro de 2014. De seguido, o Sr. Presidente preguntoulles aos asistentes se tiñan algunha observación que faceren á mesma.

Non habéndoas, por **UNANIMIDADE** dos asistentes acordouse aprobar a dita acta nº 11/2014 correspondente á sesión ordinaria do día 29 de setembro de 2014, ordenándose a súa transcripción ó Libro de Actas.

2.- DECRETOS DA ALCALDÍA: DACIÓN DE CONTA.-

Dáse conta das seguintes resolucións ditadas pola Alcaldía desde a última relación comunicada a este órgano.

O Concello Pleno quedou enterado.

3.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE ORDENANZAS FISCAIS.-

A Presidencia deu conta deste expediente e da memoria-proposta da Alcaldía de data 20 de outubro de 2014. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio do día 23 de outubro de 2014.

Na exposición do expediente, o edil delegado de facenda, ***D. Manuel Gómez Estévez***, explicou o contido do mesmo.

Indicou que había unha modificación na ordenanza dos postos nas feiras para recoller na mesma as ocupacións das vías e espazos públicos nas festas patronais.

Tamén no ICIO se recollía o depósito previo, que xa se facía.

En canto ao tema das plusvalías tamén se recollían os beneficios que os últimos cambios normativos contemplaban para as transmisións das primeiras vivendas, no caso de falecemento do seu titular.

No imposto dos vehículos había unha lixeira baixada na imposición, para asimilar os mesmos tipos que había noutros concellos con tipos inferiores. Así baixaba do 26 ao 13.

No tema das ordenanzas das taxas polo abastecemento de auga e de alcantarillado subíase o IPC, que neste ano era negativo, ao igual que outros anos foi positivo.

Sobre o Lalín Arena había un cambio na concepción: de taxa agora pasábase a prezo público. Había unhas melloras na xestión e elo facilitaba agora os cambios na ordenanza.

Polo grupo socialista **D. Manuel María González Aller** criticou que se vendese como baixada de impostos e non era tal. O certo era que no tema da taxa do lixo había un contrato que cumprir e por iso se modificaba a ordenanza. O mesmo podía dicir das taxas pola auga e polos sumidoiros.

Si que había unha lixeira baixada no tema dos vehículos. Pero estaban en desacordo en que a redución fose dun 10% de xeito lineal para todos. Así puxo como exemplo o importe desa redución dun vehículo de alta gama ou de potencia fiscal elevada e outro de menor potencia fiscal, ao que alcanzaban unha baixada de 1,74 €. No seu lugar propuña algo máis proporcional e sensible coa situación actual de crisis. De todos os xeitos dubidaba que os donos fosen a traer os vehículos a matricular aquí, que era o que realmente se perseguía.

No seu lugar propuña para os coches entre 12 e 16 cavalos fiscais unha baixada de 10 %; e para os de máis de 16 cavalos fiscais non baixar nada.

No tema da auga seguíase a primar o seu consumo da auga, porque aqueles consumos inferiores aos dez metros cúbicos pagaban o mesmo, se consumise ou non. Nestes casos podía producir un despilfarro da auga. Desta cuestión xa se falou en anteriores ocasións, e había que modificalo.

Sobre a utilización do Lalín Arena indicou que co cambio agora a prezo público quedaba claro que a taxa antes aplicada puido ser ilegal. Agora era un prezo público. Xa que logo isto non era debido a unha mellor xestión, senón simplemente a que o goberno municipal se deu conta que non era legal aplicar a dita taxa.

Sobre o Lalín Arena volveu insistir nas queixas dunha entrada única para o uso destas instalacións, cando os usuarios da piscina reclaman pagar soamente polo uso da piscina e non por toda a instalación.

Indicou que non se incluían algúns soldos como gastos, que eran financiados pola Deputación provincial ou pola Xunta de Galicia.

Por alusións, **D. Xosé Crespo Iglesias** defendeu a proposta municipal xa que tentaba conseguir empatar os ingresos e os gastos, algo que agora non se conseguía pero que ía nesta dirección.

Sobre os postos nas festas patronais sostivo que era a primeira vez que se facía, e logo habería unhas bases que se sacarían a concurso. Había que esperar, velas e opinar.

Desde o BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** admitiu con agrado que o goberno municipal aceptase que se podían facer as cousas doutro xeito. Este dato de baixar as taxas municipais amosaba un recoñecemento municipal a todo isto, aínda que sexa co fin de traer xente a Lalín.

O Lalín Arena quería atraer 200 clientes a Lalín para ser rentable. Non se sabía como nin por que arte *de birli birloque*. Tampouco estaba claro, e non se sabía se era taxa ou prezo.

Compartía as verbas do voceiro socialista sobre o tema da piscina. Os usuarios querían pagar soamente polo uso desta instalación nas súas entradas, e non por todo o complexo.

Tamén estaba de acordo en que a baixada no imposto municipal dos vehículos non debía ser lineal, senón gradual ou ponderada. Pero o goberno municipal quería ou todo ou nada. Non era de xustiza e non estaba de acordo.

Amosouse de acordo en que na ordenanza do ICIO estivese regulado o depósito previo que se facía pero non se recollía na ordenanza municipal.

Polo PGD **D. Camilo Conde López** manifestou que na proposta de baixada no imposto de plusvalía estaba ben, pero debía ser maior e recoller outros supostos.

No tema dos vehículos compartía o que dixo a oposición de que a baixada na imposición fose gradual ou progresiva e non lineal para todos; non estaba de acordo en que a redución fose

igual para todos os vehículos, mesmo con distinta potencia.

No tema da piscina estaba de acordo en que se recollese como prezo público. Tamén pedía que se separase o prezo do uso da piscina do resto das instalacións.

De novo na segunda rolda **D. Manuel Gómez Estévez** dixo que a oposición levaba co mesmo tema moito tempo, polos mínimos da taxa de auga. Adiantou que o goberno municipal encargou un estudo á empresa encargada e o resultado daba que iso custaría máis a todos. As cotas que se baixaban había que compensalas dalgún xeito á empresa concesionaria. Por elo era prexudicial e non se podía optar a elo. O estudo foi feito por Espina y Delfin S.L. Sobre o cómputo de gastos no Lalín Arena, indicou que as amortizacións non formaban parte do cálculo de gastos. Si se coñecía e tiñanse en conta, pero non entraba no cálculo do déficit.

Por alusións **D. José Antonio Rodríguez Varela** indicou que todas as instalacións deportivas daban déficit no seu uso e utilización, non só o Lalín Arena. Na piscina municipal para o cálculo das entrada se facía para dar seguridade e beneficio a todos. Lembrou que aquelas persoas que quixesen empregar só a piscina tiñan bonos de dez días, por trinta euros, custando a entrada a tres euros. O uso era integral para que beneficiase a todos. Mesmo había un paquete interesante para aquelas persoas que estivesen paradas e lle saía a 1,90 € por día.

Por alusións **D. J.A. Cristóbal Fernández Vázquez** sinalou que a xente estaba recibindo liquidacións do imposto municipal de plusvalía que eran verdadeiros “palos” á súa economía. A elo había que engadir que os valores catastrais estaban moi altos nalgúns lugares e seguían subindo. Hoxe continuaban sendo altos. Referiuse ao caso de que unha persoa falecera e deixara dous fillos: un tería un desconto do 50% na liquidación do seu imposto e outro non. Non estaba de acordo con esta medida proposta.

De novo **D. Xosé Crespo Iglesias** contestou indicando que Lalín estaba en canto a imposición de taxas e impostos nun término medio. Tívoise que pedir un préstamo polo rescate do Lalín Arena, porque agora si que se podía pedir e o Concello tiña capacidade de endebedamento. Antes non había esa posibilidade. Tamén indicou que todas as instalacións deportivas, coma o campo de fútbol tiñan déficit, referíndose ao sistema de iluminación do M. Cortizo, ou o campo de rugby de Barcia. Neste último caso se estaba a buscar outro emprazamento para a práctica do deporte. Indicou que se baixaba o ano que se podía, como sucedía nos vehículos.

Interveu a Sr^a Interventora **D^a. Marta Oviedo Creo** para indicar que a bonificación era do 50 % da herdanza, e podía aplicarse a todos os bens deste conxunto.

De novo **D. Xosé Crespo Iglesias** indicou que quedaba suspendida a sesión plenaria uns quince minutos, para negociar a proposta que se refería á redución do Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica.

Xa que logo sendo as 10,50 horas suspendeuse a sesión a indicación do Sr. Presidente.

Sendo as 11,08 minutos do mesmo día e no mesmo lugar, a indicación do Sr. Presidente reanudouse a sesión e continuou a súa celebración.

Sometida a votación ordinaria a modificación da **Ordenanza Fiscal do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica** mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, que inclúe o voto favorable de vinte (20) concelleiros, sendo trece (13) do PP,

catro (4) do *PSDEG-PSOE*, dous (2) do *BNG* e un (1) do *PGD*, acordouse *APROBAR* dita modificación.

Sometida a votación ordinaria a modificación da **Ordenanza Fiscal do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras**, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: trece (13) do PP.

Votos en contra: catro (4) do PSDEG-PSOE.

Abstencións: tres (3), sendo dúas (2) do BNG e unha (1) do PGD.

Sometida a votación ordinaria a modificación da **Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre o Incremento do valor dos Terreos de natureza Urbana**, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: catorce (14), sendo trece (13) do PP e un (1) do PGD.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: seis (6), sendo catro (4) do PSDEG-PSOE e unha (1) do PGD.

Sometida a votación ordinaria a modificación da **Ordenanza reguladora da taxa de sumidoiros e da Ordenanza reguladora da taxa por servizos de distribución de auga, gas, electricidade e outros abastecementos públicos incluídos os dereitos de enganche de liñas e colocación e utilización de contadores e instalacións análogas, cando ditos servizos ou subministros sexan prestados por entidades**, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: trece (13) do PP.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: sete (7), sendo catro (4) do PSDEG-PSOE, dúas (2) do BNG e unha (1) do PGD.

Sometida a votación ordinaria a modificación da **Ordenanza reguladora da taxa por instalación de postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atracción ou recreo, situados en terreo de uso público municipal, así como industrias na rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfica**, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, que inclúe o voto favorable de vinte (20) concelleiros, sendo trece (13) do PP, catro (4) do *PSDEG-PSOE*, dous (2) do *BNG* e un (1) do *PGD*, acordouse *APROBAR* dita modificación.

Sometida a votación o **establecemento dos prezos públicos pola prestación de servizos nas instalacións deportivas municipais** mediante a aprobación da súa regulación e a **supresión da Taxa polo uso e prestación de servizos nas instalacións deportivas municipais e a derogación da Ordenanza fiscal reguladora da mesma**, que quedará derogada coa entrada en vigor e comezo de aplicación da nova regulación, así como a **modificación do Regulamento de utilización das Instalacións Deportivas Municipais do Concello de Lalín**, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: trece (13) do PP.

Votos en contra: sendo catro (4) do PSDEG-PSOE e dous (2) do BNG.

Abstencións: unha (1) do PGD.

Xa que logo **APROBOUSE a proposta e o expediente do seguinte tenor:**

Transcorrido case un ano dende a xestión directa do complexo deportivo LALÍN ARENA composto do ximnasio, spa e piscina, considérase oportuno acordar a aprobación dunha regulación dun prezo público polo uso e prestación de servizos nas Instalacións Deportivas Municipais.

A nova regulación do prezo público polo uso e prestación de servizos nas Instalacións Deportivas Municipais recolle no seu Anexo unha serie de tarifas que xa viñan contempladas, nos mesmos termos, na Ordenanza fiscal Reguladora da Taxa polas prestacións de servizos nas instalacións deportivas municipais.

Non obstante, a principal novidade que incorpora a nova regulación radica na creación dentro do denominado “**ABONO DEPORTE LALÍN**”, a través do cal o abonado terá acceso libre ós servizos e actividades do Lalín Arena (ximnasio, SPA, sauna, baño turco, e acceso a actividades, salvo a aqueles usos e actividades que teñan unha tarifa específica), podendo utilizar libremente as piscinas, sen que elo implique o abono doutra tarifa pola utilización destas, a tarifa para non residentes. Sen tocar o réxime da entrada de acceso ás instalacións do Lalín Arena, mediante a cal poderán acceder á práctica totalidade das actividades e servizos do Lalín Arena e, ó mesmo tempo, poderán utilizar libremente as piscinas municipais, nin os bonos, nin o prezo dos cursos de natación, nin as escolas deportivas.

Así mesmo, considérase necesario modificar o **Regulamento de Utilización das Instalacións Deportivas Municipais para adaptalo á nova regulación, e introducir a preferencia dos empadroados no acceso ás instalacións deportivas**; contribuíndo a unha mellora continua na prestación deste servizo público. Establécese ademais que as persoas declaradas dependentes ou que teñan un grao de discapacidade superior ó 65 %, acreditado documentalmente, poidan acceder ás instalacións acompañadas dunha terceira persoa que as asista, sen necesidade de que o acompañante abone a entrada.

Por outra parte, próximo a rematar este exercicio económico e avaliadas as distintas medidas que convén adoptar dende unha óptica fiscal cara ao vindeiro exercicio económico e na procura dunha continua mellora na prestación de servizos e realización de actividades dentro do marco competencial que o ordenamento xurídico vixente outorga aos concellos, como ven sendo habitual nestas datas, cumprindo as prescricións legais aplicables á modificación de ordenanzas fiscais, é oportuno modificar as ordenanzas reguladoras dos seguintes conceptos tributarios:

- Ordenanza Fiscal do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.
- Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre o Incremento do valor dos Terreos de natureza Urbana.
- Ordenanza Fiscal do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica.
- Ordenanza reguladora da taxa de sumidoiros.
- Ordenanza reguladora da taxa por servizos de distribución de auga, gas, electricidade e outros abastecementos públicos incluídos os dereitos de enganche de liñas e colocación e utilización de contadores e instalacións análogas, cando ditos servizos ou subministros sexan prestados por entidades.

-Ordenanza reguladora da taxa por instalación de postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atracción ou recreo, situados en terreo de uso público municipal, así como industrias na rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfica

A proposta de modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras introduce o depósito previo co obxectivo de mellorar na xestión dos expedientes de licenzas de obra ou de comunicacións previas e declaracións responsables, no seu caso.

A proposta de modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre o Incremento do valor dos Terreos de natureza Urbana, consiste principalmente na adaptación da ordenanza ó novo marco legal establecido, entre outras, pola Lei 9/2012, de 14 de novembro, de reestruturación e resolución de entidades de crédito e no Real Decreto 1559/2012, de 15 de novembro polo que se establece o réxime xurídico das sociedades de xestión de activos. Así mesmo, contéplase no texto da ordenanza a exención recollida na Letra c) do número 1 do artigo 105 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, introducida na súa actual redacción (con efectos dende o 1 de xaneiro de 2014, así como para os feitos impoñibles anteriores a dita data non prescritos), polo apartado un de artigo 123 da Lei 18/2014, de 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia. Esta exención refírese ós supostos de dación en pago da vivenda habitual nos supostos de execucións hipotecarias.

Tamén se contempla a introdución da bonificación, prevista con carácter potestativo pola lexislación vixente, do 50% da cota íntegra do imposto aos suxeitos pasivos pola transmisión de vivenda habitual, realizadas a título lucrativo por causa de morte, aos descendentes e adoptados, os cónxuxes e os ascendentes e adoptantes (enténdese por vivenda habitual aquela na que resulte empadroadado).

Pola súa banda, a modificación da ordenanza fiscal do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica consiste na redución do coeficiente de incremento que pasa do 1,26 ao 1,13. Esta medida adóptase como un incentivo para fixar poboación, xa que consta xente que está vivindo no termo municipal que non está empadroadado.

Por último, propónse a modificación da ordenanza fiscal taxa por instalación de postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atracción ou recreo, situados en terreo de uso público municipal, así como industrias na rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfica, introducindo un novo concepto tarifario para as festas patronais e feira do cocido. Considérase oportuno introducir este novo concepto polo aproveitamento especial e intensivo que supoñen as atraccións, tómbolas, postos de venda ambulante e de comida durante o tempo que duran as festas. Estando vinculado, en grande medida, este concepto ó proxecto de festas que se fará para sacar a licitación pública a ocupación do espazo destinado o uso público durante as festas patronais.

As demais modificacións proxectadas responden aos contratos asinados de xestión de servizos públicos que prevén determinados incrementos anuais. Neste caso, a xustificación da modificación das taxas polos servizos de abastecemento de auga e saneamento ven dada polo contrato asinado coa empresa Espina y Delfín, S.L., no que se prevía unha modificación anual das tarifas aplicables pola prestación destes servizos equivalente ao incremento ou baixada do custo da vida, entendendo como tal o índice interanual de prezos ao consumo determinado polo Instituto Nacional de Estatística.

Respecto destas últimas taxas, propónse actualizalas mediante a aplicación do IPC do

período agosto 2013-agosto 2014, cifrado nun -0,5%, segundo datos publicados polo Instituto Nacional de Estadística.

Con base no exposto, atendendo á necesidade de aproveitar os recursos que deben producir os referidos tributos, á equidade e xustiza nos mesmos e tendo en conta as competencias municipais en orde á imposición, ordenación, modificación e derogación dos seus propios tributos, o **Pleno da Corporación ACORDOU**:

Primeiro.- O establecemento dos prezos públicos *polo prestación de servizos nas instalacións deportivas municipais* mediante a aprobación da súa regulación e a **supresión da Taxa polo uso e prestación de servizos nas instalacións deportivas municipais e a derogación da Ordenanza fiscal reguladora da mesma**, que quedará derogada coa entrada en vigor e comezo da aplicación da nova regulación.

Segundo.- Aprobar a modificación do Regulamento de utilización das Instalacións Deportivas Municipais do Concello de Lalín.

Terceiro.- Aprobar inicialmente o expediente de **Modificación das Ordenanzas seguintes**:

- Ordenanza Fiscal do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.
- Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre o Incremento do valor dos Terreos de natureza Urbana.
- Ordenanza Fiscal do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica.
- Ordenanza reguladora da taxa de sumidoiros.
- Ordenanza reguladora da taxa por servizos de distribución de auga, gas, electricidade e outros abastecementos públicos incluídos os dereitos de enganche de liñas e colocación e utilización de contadores e instalacións análogas, cando ditos servizos ou subministros sexan prestados por entidades.
- Ordenanza reguladora da taxa por instalación de postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atracción ou recreo, situados en terreo de uso público municipal, así como industrias na rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfica

Cuarto.- Expoñer o presente expediente ao público durante o prazo de trinta días, inseríndose anuncio no BOP e nun periódico de ámbito provincial, así como no taboleiro de anuncios, para que durante o mesmo poida ser examinado e presentaren reclamacións e alegacións ao mesmo, no seu caso.

Transcorrido o prazo sen terse presentado reclamacións, o expediente considerárase aprobado definitivamente, sen necesidade de adoptar novo acordo.

4.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 11-P/2014. CRÉDITO EXTRAORDINARIO E SUPLEMENTO DE CRÉDITO.

A Presidencia deu conta deste expediente e da proposta da Alcaldía de data 16 de outubro de 2014. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao ditame favorable da Comisión

Informativa de Facenda e Patrimonio do día 23 de outubro de 2014.

Na exposición do expediente, o edil delegado de facenda, **D. Manuel Gómez Estévez**, explicou o contido do mesmo. Había catro expedientes a dotar ou a complementar: as obras da Praza de Abastos, o programa *Crisis, What crisis*, o suplemento do servizo da perreira provincial e a subvención para a promoción do comercio. Non había moito máis que dicir e remitíase ao xa dito na sesión da comisión informativa e ao que constaba no expediente.

Polo grupo socialista **D. Manuel María González Aller** adiantou que vía ben a axuda á promoción do comercio local e as obras na Praza de Abastos. Non obstante, e sobre as outras dúas iniciativas, xa dixeron no seu día que o prezo do custo do servizo da perreira provincial era baixo e que se incrementaría. Tamén pediron explicacións ao Sr. Alcalde sobre ese proxecto denominado: *Crisis What crisis*.

Desde o BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** estaba claramente de acordo coa axuda ao comercio local e con acometer as obras na Praza de Abastos. Non vía claro e case estaba en contra da suba da aportación municipal á perreira provincial. Coidaba que este servizo debía prestarse desde o Concellou ou en todo caso desde a comarca, mancomunando o servizo. Tampouco vía claro o tema da subvención á idea de *crisis What crisis*. Parecíalle un título similar ao un disco do grupo musical *Supertramp*. De seguido, referiuse á situación de crise económica dos países “pigs”, rematando pedindo explicacións a maiores ao grupo de goberno sobre esta iniciativa.

Polo PGD, **D. Camilo Conde López** tamén indicou que apoiaría a proposta. Estaba de acordo coas obras na Praza de Abastos e coa promoción do comercio local; non obstante parecíanlle banales algunhas ideas do expediente.

No uso da palabra, **D. Xosé Crespo Iglesias, Alcalde-Presidente**, indicou que se o Concello se fixera cargo da perreira municipal, pagaría dez veces máis. O servizo provincial era un bo servizo e barato para os Concellos.

Diante destas verbas **D. Xesús Cordeiro Budiño** indicou que non debera custarlle tanto, porque cada can tiña que levar un microchip, e aos donos había que multalos por abandono dos cans. Podían recuperar cartos deste xeito.

De novo **D. Xosé Crespo Iglesias** sinalou que máis do noventa por cento dos cans retirados non levaban microchip.

Entón **D. J.A. Cristóbal Fernández Vázquez** dixo que este tema era competencia do Concello, que debía vixiar para que cada can levase a súa identificación e microchip.

Outra vez no uso da palabra **D. Xosé Crespo Iglesias** afirmou que houbo unha idea hai tempo de coller unha subvención e instalar unha perreira na comarca. Non saíu adiante polo seu custo. Despois veu a posibilidade de que fose municipal. Esta opción saíalle dez veces máis custosa do que agora se pagaba. En resume, vía que seis mil euros ao ano por ter o servizo non era custo significativo, e non pasaba nada por incrementar en mil cincocentos euros máis.

Puxo como exemplo ao concello de Cambados onde o custo anual estaba entre vinte e trinta mil euros ao ano.

O resto das obras estaba xustificado referíndose á axuda ao comercio local e ás obras para a Praza de Abastos. Sobre a idea de *Crisis what crisis* indicou que veu a velo unha persoa de Lalín que lle presentou esta idea de percorrer varios países para facer un documental sobre

proxectos novidosos e emprendedores neste tempo de crise económica. Había un folleto explicativo desta idea que amosou aos asistentes. Non lle parecía excesiva a cantidade, e prometeu esa axuda. Parecíalle interesante.

Sometida a votación ordinaria o expediente mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, que inclúe o voto favorable de vinte (20) concelleiros, sendo trece (13) do PP, catro (4) do *PSDEG-PSOE*, dous (2) do *BNG* e un (1) do *PGD*, acordouse **APROBAR a proposta e o expediente do seguinte tenor:**

Iníciase o expediente de Crédito Extraordinario número 11-P/2014, a financiar mediante a baixa de crédito doutras partidas non comprometidas, cunha dotación que se estima reducible sen perturbación do respectivo servizo, e ante a urxente e inaprazable necesidade de realizar os gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte sen mingua dos intereses deste Concello.

Trátase de dotar de crédito para crear dúas subvencións nominativas no orzamento do exercicio 2014, modificando as bases de execución do citado orzamento para dar entrada ás mesmas, co obxectivo de colaborar co comercio de Lalín na súa dinamización e na defensa do consumo local, algo que repercute directamente no municipio en xeral, tal e como ven exposto na memoria da Concelleira de Comercio que consta no expediente.

A urxencia está determinada porque esa colaboración da que se fala na memoria se faga efectiva de cara ó Nadal, que é unha das datas máis significativas no que a gasto das familias se refire.

Por outra banda tamén cumpre suplementar o crédito da cofinanciación municipal no servizo de recollida de cans abandonados que presta a Deputación, motivado polo incremento no custo do servizo, tal e como indica o informe do Xefe de Servizo de Asistencia Intermunicipal.

A urxencia despréndese da obriga de Concello de cumprir cos compromisos previamente asinados.

En último lugar cumpre dotar crédito para subvencionar o proxecto cultural consistente nunha “road movie” denominada “*Crisis What Crisis*”. Trátase dun documental que pretende dar unha mirada construtiva cara á crise. A urxencia ven determinada polas datas marcadas para a realización do documental. Deste xeito se modifican as bases de execución do orzamento 2014 para dar entrada á subvención como nominativa, dada a excepcionalidade do proxecto.

Á vista da documentación que se achega e en base ó anteriormente exposto, o **PLENO acordou:**

Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos nº 11-P/2014, consistente nun Crédito Extraordinario, financiado mediante a baixa de crédito doutras partidas non comprometidas, cunha dotación que se estima reducible sen perturbación do respectivo servizo, de acordo co seguinte detalle:

1.- Aplicacións do Orzamento de Gastos ás que se dota de Suplemento de Crédito:

<u>APLICACIÓN</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE €</u>
179.461.00.01	Outras actuacións relacionadas co ambiente. A Deputación para o servizo provincial de acollida de animais domésticos abandonados	1.519,20 €

TOTAL ALTAS SUPLEMENTO DE CRÉDITO 1.519,20 €

2.- Aplicacións do Orzamento de Gastos ás que se dota de Crédito Extraordinario:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE €
431.479.01	Comercio. Subv. Centro Comercial Aberto de Lalín	4.000,00 €
431.479.02	Comercio Subv. Asociación da Praza de Abastos de Lalín	1.000,00 €
334.489.22	Promoción Cultural Subv. Proxecto "Crisis What Crisis"	750,00 €

TOTAL ALTAS CRED. EXTRAORDINARIO 5.750,00 €

3.- Medios ou recursos que van financiar as modificacións de crédito:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE €
920.121.01	Administración Xeral Complemento Específico	7.269,20 €

TOTAL BAIXAS 7.269,20 €

Sendo coincidentes os importes da modificación de crédito proposta e os recursos que van a ser utilizados para o seu financiamento consérvase o equilibrio do Presuposto, de conformidade co artigo 16.2 del Real Decreto 500/1990, do 20 de abril.

Segundo.- Que este expediente de modificación de créditos, que se aproba inicialmente, sexa exposto ó público polo prazo de quince días hábiles no departamento de intervención do Concello, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación municipal, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, en cumprimento dos artigos 177.2 en relación co 169.1 do RD Legislativo 2/2204, de 5 de marzo polo que se establece o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 38.2 en relación co artigo 20.1 do Real decreto 500/90, do 20 de abril.

Terceiro.- Este expediente de modificación de créditos considerárase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o citado período non se presentaran reclamacións.

5.- MOCIÓN DO PGD.

A Presidencia deu conta desta moción, de data 20 de outubro de 2014, presentada no rexistro de entrada o mesmo día co número 6435. A continuación o Sr. *Secretario* deu lectura ao ditame desfavorable da Comisión Informativa de Acondicionamento e Planificación Territorial do día 23 de outubro de 2014.

Polo PGD **D. Camilo Conde López** explicou o contido da moción. Sinalou que no actual contexto no que nos movíamos falando do Lalín Arena, a cidadanía preguntábase polos problemas que había. Había polémica. Por elo propuña que se formase unha comisión integrada por todos os interesados e entrar no debate para ver o que pasou no Lalín Arena.

Polo PSdeG-PSOE **D. Manuel María González Aller** dixo estar a favor de crear unha comisión de investigación. Dado o orzamento e o custo da obra, había que dicir que foi todo un despropósito. Logo o método de xestión empregado, mediante concesión, non foi o máis acertado. Isto levou a un fracaso que fixo necesario que o Concello rescatase a instalación. Había que ter en conta que no ano 2009 estiveron paradas as obras e que logo se retomaron. Houbo un concurso para este proxecto co que estivemos en desacordo. En xeral a obra e infraestrutura foi excesiva para as necesidades que tiña Lalín. O seu grupo quería unha instalación, pero non esta.

No ano 2008 comezaron as obras que remataron en 2010. No rescate non se puxo ningún gavage á empresa, nin esta rebaixou nada. O custo pagado foi de 8.500.000 de euros. Había que dicir tamén que a instalación non se fixo no lugar inicialmente previsto, xa que se desplazou máis de vinte e cinco metros en dirección norte.

Estaba prevista unha pista de xeo para patinaxe a cal non se fixo. Tampouco se instalaron dúas pistas de padel e unha pista de atletismo recollidas inicialmente no proxecto. Non se construíron mil e pico prazas de aparcamento subterráneo, por mor do desprazamento do edificio. Todo isto en parte debeuse a que se modificou a obra.

No ano 2010 o Concello indemnizou á empresa con 290.000 euros pola non construción da pista de xeo e a pista de atletismo. A pesar diso logo rescatamos a instalación e demos á empresa os 8.100.000 euros máis o IVE, e máis catro anualidades de subvencións ás obras e ás instalacións.

Tamén cumpría referirse ás nulas condicións de control da obra e á mala calidade dos materiais empregados na súa execución, algo que o Concello non vixiou. As pistas de padel aos catro anos tiveron que ser repostas polo Concello. A obra foi mal feita e mal controlada a calidade dos materiais empregados. Os técnicos e os traballadores das obras non estiveron pendentes destes temas.

Desde o BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** dixo subscribir o xa dito polos dous voceiros anteriores. Coidaba que cumpría crear esta comisión de investigación e aclarar todo o que sucedeu.

O Sr. Alcalde **Xosé Crespo Iglesias** non vía eses motivos sobrados que dicía a oposición. Non entendía que o propoñente, o edil D. Camilo Conde López, só gastase medio ou unha cuarta parte de folio para pedir a creación dunha comisión de investigación, sen explicar os motivos da mesma, sen ver e sen coñecer o expediente. Coidaba que o mesmo tiña que ter analizado previamente e fundamentar a petición.

A maiores afirmou que o propoñente da comisión lle pediu unha reunión para falar e dialogar sobre o Lalín Arena. Non lle parecía axeitado este sistema de actuar.

Como non foi así, isto parecíalle unha tomadura de pelo e unha “*carallada*”. Era certo que os edís da oposición tiñan a obriga de fiscalizar a actuación do grupo de goberno, pero non entendía esta actuación. Para coñecer o expediente, podían pedilo, examinalo e mesmo preguntar ó Sr. Secretario. Parecía que actuaba en plan *kleenex*.

Por todo elo, dirían non á creación da Comisión de Investigación. Era difícil facer e fácil criticar. Tamén dixo que o edil podía ir ao Xulgado, se así o estimaba. Ata agora o grupo de goberno foi sempre respectuoso nesta lexislatura co dito edil, e viceversa.

O Lalín Arena foi e era unha boa obra. Fíxose e hoxe se podían amosar e realizar actuacións e competicións nela. A obra fíxose e xestionouse polo sistema de concesión, porque daquela o Concello non tiña capacidade de pedir crédito e endebedarse. Hoxe si, e por iso se rescatou. Lembrou que durante o proceso de construción veu este tempo de crises económica e moitas empresas tiveron dificultades e algunha desapareceu, como sucedeu coa UTE encargada da construción do Concello, obra esta que por certo non deu ningún problema ata hoxe.

Por alusións **D. J.A. Cristobal Fernández Vázquez** indicou que a instalación do Lalín

Arena tiña goteiras e presentaba moitos desperfectos.

En resposta e continuando a súa intervención **D. Xosé Crespo Iglesias** manifestou que todas as obras e edificacións presentaban deficiencias, fracturas, e referiuse ao centro comercial Pontifñas, unha obra dunha empresa privada. Non era Lalín un caso único, pero había que solucionalo.

O certo era que o Lalín Arena era unha infraestrutura digna, útil e necesaria na que entrenaban diariamente os rapaces e os clubs de Lalín, e que hoxe era un referente para toda a comarca. Era certo que a explotación na forma de concesión inicialmente saíu mal; pero hoxe se contaba cun sistema razoablemente bo e o Concello ademáis ten capacidade de obter crédito. O Lalín Arena era unha instalación respectable e necesaria para toda a comarca, non só para Lalín. Lembrou que hai pouco tempo recibiu un premio en Toledo da *Federación Española de Balonmán*. Era unha obra importante e homologable a calquera outra, algo que moitas cidades de máis entidade non tiñan, e que naceu daquela maneira.

De novo **D. Camilo Conde López** fixo varias precisións ás verbas do Sr. Alcalde en relación coa súa moción:

En primeiro lugar dixo que el pediu persoalmente ao Sr. Alcalde unha xuntanza informal para dialogar e de modo amistoso.

En segundo lugar non pediu o expediente. Non obstante de todo o visto e escoitado tanto nas comisións informativas coma no Pleno el tomou nota e fixo unha recapitulación do que se sabía do mesmo. Coidaba que estaba ben fundada a petición de crear esta comisión de investigación.

Na súa segunda intervención **D. Xesús Cordeiro Budiño**, ratificouse no xa dito, resaltando que lle parecía que a comisión pedía integrar a moita xente. Non obstante estaba a favor.

Rematou **D. Manuel María González Aller**. Amosouse sorprendido polo enfado do Sr. Alcalde porque se pedise esta comisión de investigación. Non o entendía, e coidaba que debía ser por outro lado ou por outro motivo, porque non o entendía. Aquí no Pleno e noutros órganos se falou do Lalín Arena e houbo mocións, debates e os problemas eran coñecidos. Así mesmo, entendía que non había que xudicializar a vida política municipal. Sempre se quedou en aclarar as cousas antes. A transparencia que se dicía era iso, ver e coñecer, para evitar a vía xudicial.

Rematou afirmando que tanto nesta obra do Lalín Arena como na da Casa do Concello o seu grupo sempre dixo que se necesitaban instalacións, pero que tanto unha coma a outra eran excesivas e desproporcionadas para as necesidades de Lalín. Apoiarían a creación da comisión.

Na moción pedíase:

A constitución dunha comisión de investigación relativa ás instalacións e demais incidencias do LALIN ARENA, dende a súa orixe ata o momento actual, así como no referente Á piscina, debido a que en ambas instalacións, véñense observando deficiencias evidenciadas en diferentes ocasións e que veñen a ser motivos de preocupación cidadá, habida conta do seu custo así como demais circunstancias derivadas do proxecto.

Que dita comisión sexa conformada por tódolos grupos políticos e que para o seu desenrolo e tratamento, se poidan citar para a súa comparecencia a técnicos, funcionarios, propiedade, responsables políticos, así como a calquera persoa ou entidade que se considere necesaria para chegar a un ditame o máis claro posible sobre esta problemática.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: sete (7), sendo catro (4) do PSdeG-PSOE, dous (2) do BNG e un (1) do PGD.

Votos en contra: trece (13) do PP.

Abstencións: ningunha.

Xa que logo, rexeitouse a moción.

6.- ROGOS E PREGUNTAS.-

6.1. ROGOS.

Presentados de xeito verbal durante a sesión.

PSdeG-PSOE. D. Manuel María González Aller.

1º.- ROGO.- Pide ao grupo de goberno que se extremen as medidas na execución das obras de instalación da rede de gas natural no casco urbano de Lalín. Lembra que hai protestas porque ás veces as obras se fan sen orde nin concerto, molestan e crean incomodidades aos veciños.

Contestou D. Camilo González Bodaño, a indicación do Sr. Alcalde. Dixo que había varios técnicos vixiando a obra. Ás veces ocorría que ten un programa cuns prazos e cando non se cumpre un, os prazos e previsións dos que van a continuación sofren alteracións. Había que ter en conta que había beirarrúas con moitos servizos e tiñan que ir con coidado.

2º.- ROGO.- Tendo en conta que Gas Natural Galicia S.A. di que ten un compromiso con Galicia e co medio ambiente, que se lle traslade que protexa e acometa as obras onde menos impacto e menos dano cause ao medio ambiente, en relación coa liña de alta tensión que ven desde O Irixo ata Lalín.

O Sr. Alcalde, D. Xosé Crespo Iglesias, indicou que era unha infraestrutura necesaria que tiña que defenderen como Alcalde. Explicou de seguido a situación do subministro de electricidade a Lalín, os fallos e cortes que houbo, o risco que existía cando fallaba algún mecanismo ou instalación. Indicou que a competencia era basicamente da Xunta de Galicia, e pediulle ao grupo socialista que aproveitase a relación de partido con algún alto cargo ex membro do goberno que traballaba para a dita empresa.

Por alusións, D. J.A. Cristóbal Fernández Vázquez pediulle ao Sr. Alcalde que se movese agora diante deste problema plantexado e consiga que a empresa instale a dita liña soterrándoa, evitando así os danos ao entorno ambiental que merecía unha protección.

3º.- ROGO.- Tal e como se falou cando se aprobou a ordenanza de cans, o Concello ten que habilitar un lugar no casco urbano no que os cans estean soltos. Isto non se cumpriu ata hoxe. Pide que se faga canto antes.

Contestou D. Xosé Crespo Iglesias no sentido de que xa estaban en conversas coa asociación "Peludos sen fogar" hai un mes para buscar un sitio. Non podía dicir que sitio era, porque ao mellor o informe da Consellería de Medio Ambiente era negativo. Pero confiaba en que pronto estea este lugar xa sinalado.

PGD. D. Camilo Conde López.

1º.- ROGO.- Pide que se estude e se reconduza o acceso ao Lalín Arena desde a rúa Matemático Rodríguez. Coidaba que os viandantes pasan perigo ao cruzar a circunvalación

polo paso de peóns, xa que o sinal tal e como está hoxe non é suficiente. Coida que é tempo de estudar a posibilidade de instalar un paso elevado. Tamén se referiu logo ao paso de peóns na mesma rúa, a circunvalación, para pasar desde o parque o Pontañas ata o centro comercial Pontañas.

Contestou D. Xosé Crespo Iglesias, Alcalde-Presidente, indicando que estaban a traballar neste asunto. Era un problema que había que afrontar. Sucede que a xente non utiliza os pasos subterráneos pequenos e estreitos ou os elevados. En cambio si usa os pasos de peóns. Seguirían a estudalo.

2.- ROGO.- Pide que as persoas que carecen de medios económicos, ou persoas indixentes, sexan atendidas e teñan un lugar onde durmir en Lalín. Admite que isto lle preocupa e por iso reclama información ou formula unha petición neste sentido.

O Sr. Presidente dixo que iso correspondía ao departamento de Servizos Sociais. E a el se remitía. Veríase e se estudaría.

6.2.- PREGUNTAS.

Non houbo.

E, sendo as trece horas e oito minutos do mesmo día no que comezou, non habendo outros asuntos que trataren, e no mesmo lugar onde comezou, polo Sr. Presidente levantouse a sesión. De todo iso, pola miña condición de Secretario e fedatario público dou fe.

Vº e Prace
O Alcalde-Presidente